



I CONTROL LANZAMENTOS COPA DEPUTACIÓN

28 de XANEIRO de 2018

A Delegación Lucense de atletismo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza o I CONTROL LANZAMENTOS XORNADA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **DOMINGO 28 de xaneiro de 2018, en xornada de mañá, no Estadio Gregorio Pérez Rivera.**

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **cadete ata veteranás.**
- **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata as 14.00h do sábado, serán sancionados cunha multa de 10€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo.**

Art. 2. As inscricións deberán enviarse por **email** a delegacionfgalugo@gmail.com, incluíndo (nome e apelidos, nº licenza, proba a disputar e mellor marca), con data límite o venres as 23.59h

Art. 3. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba.** Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 5. **A recepción de artefactos para a súa homologación será ata 60' antes da celebración da proba, excepto na proba de lanzamento de xavalina que será de 90' antes.**

Art. 6. Limitarase a participación a 14 atletas de cada sexo, **tendo prioridade os atletas que estaban inscritos para a xornada do sábado (27 xaneiro) das categorías cadete e xuvenil e que non poideron participar.**



Federación Galega de Atletismo
Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art. 7. HORARIO

HOMES	HORA	MULLERES
HORARIO MAÑÁ		
DISCO (cad - sen)	10:45	DISCO (cad - sen)
JABALINA (cad - sen)	12:15	JABALINA (cad - sen)

Art. 8. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 25 de xaneiro de 2018

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez

Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

PATROCINA:



COLABORAN:

